

ACTA NÚM. 11 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2017.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:35 horas** do día **21 de setembro de 2017**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 19 de xaneiro de 2017 (acta núm. 1/17).**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Solicitud de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de ferrocarril-estación de autobuses-pasarela peonil de conexión).**
- 4. Aprobación do convenio de colaboración para a xestión do programa “Área de Santiago”.**
- 5. Determinación de festivos locais para o ano 2018.**
- 6. Aprobación do IV Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela.**
- 7. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre as medidas a adoptar en relación co cobro indebido de plusvalías procedentes do imposto polo incremento do valor dos terreos de natureza urbana.**
- 8. Proposición do grupo municipal do BNG, para a recuperación de dúas esculturas do Pórtico da Gloria para o patrimonio público.**
- 9. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre o acondicionamento e mellora da entrada da vía da Prata no Concello de Santiago.**
- 10. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á instalación de fibra óptica no ámbito da cidade histórica.**

11. Dar conta da elevación á aprobación definitiva das modificacións do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno.

12. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

13. Solicitude do grupo municipal do Partido Popular de comparecencia da concelleira de economía, facenda e administración.

14. Rogos e preguntas.

15. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Antes de dar comezo aos asuntos incluídos na orde do día, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 19 DE XANEIRO DE 2017 (ACTA NÚM. 1/17).

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba a acta correspondente á sesión ordinaria do día 19 de xaneiro de 2017, número 1/17.

Unha vez rematada a votación do primeiro asunto da orde do día, ten lugar a intervención de Dona María Rodríguez Seoane, en relación ao tema da gasoleira de Brandía.

A continuación, e antes de seguir no estudo dos asuntos incluídos na orde do día, previo acordo da xunta de portavoces, inclúense por urxencia dúas declaracións institucionais, das que se da lectura.

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba a seguinte Declaración Institucional, asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (Compostela Aberta, Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG), co seguinte contido:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CON MOTIVO DO FALECIMENTO DE XOHANA TORRES

“Todos os grupos políticos desta corporación queremos facer constar publicamente o noso gran pesar polo falecemento, o pasado 12 de setembro, da escritora compostelá, Xohana Torres, e realizar así neste pleno un último homenaxe e recoñecemento á toda súa traxectoria profesional e vital. Sen lugar a dúbidas, Xohana consolidouse como un dos grande nomes da literatura galega, unha muller querida e admirada, cunha extensa e

variada obra escrita, que abrangue a poesía, a narrativa, o ensaio e a literatura infantil. Unha voz feminina e feminista, que non só destacou no ámbito literario, senón que tamén tivo un papel imprescindible na reconstrución da cultura galega e na defensa da nosa lingua.

Hai case 25 anos, que o Concello de Santiago de Compostela quixo recoñecer e resaltar a importancia da figura de Xohana Torres e por iso no ano 1993 a Concellaría da Muller instituíu un premio literario co seu nome. O Premio Xohana Torres, convocado de forma ininterrompida ata o ano 2010, foi adquirindo un gran prestixio na nosa cidade. A través do mesmo tense feito tamén unha importante achega ao coñecemento sobre as mulleres que destacaron nalgún eido, tanto na actualidade como no pasado, na vida da nosa comunidade. Actualmente, este premio, en vigor de novo dende o 2016, está orientado precisamente á recuperación da memoria histórica das mulleres de Santiago de Compostela, premiándose ensaios literarios ou científicos que aborden a historia social e política das mulleres compostelás e que fagan visible as súas diversas experiencias e roles sociais. Creemos que este premio é unha moi boa maneira de seguir honrando e lembrando a Xohana Torres, ao tempo que contribuímos a construír unha cidade máis igualitaria, feminista e inclusiva.

Doutra banda, outra forma fermosa e duradeira de lembrar a Xohana Torres será que a futura Casa das mulleres compostelás poida levar o seu nome. Así, se lle fixo saber á escritora pouco antes do seu pasamento, feito que a emocionou profundamente.”

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba a seguinte Declaración Institucional, asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (Compostela Aberta, Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG), que ten o seguinte contido:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN APOIO DA CREACIÓN DE VÍAS CICLISTAS PROTEXIDAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“É incuestionable que o uso da bicicleta vai en aumento, tanto como medio de transporte como na súa faciana deportiva. Neste segundo aspecto tamén está a medrar o número de agrupacións ciclistas e equipos de triatlón que utilizan a bicicleta como eixo central dos seus adestramentos.

Nos últimos meses veñen sendo noticia distintos accidentes de tráfico nos que estiveron implicados automóbiles e grupos de usuarios/as de bicicleta, e nos que houbo que lamentar consecuencias moi graves para a parte máis vulnerable: a persoa ciclousuaria.

Os datos estatísticos publicados pola Dirección General de Tráfico apuntan a un progresivo incremento de accidentes e vítimas mortais en vías interurbanas. En 2012 foron 1.622 sinistros con 19 falecidos; en 2013 houbo que lamentar 1.771 accidentes e 44 mortos; e xa no ano 2015 contabilizáronse 2.278 accidentes con 56 vítimas mortais.

Estes datos indican que o progresivo incremento do uso da bicicleta non vai parello a unha redución da conflictividade entre este medio de transporte e o vehículo a motor en vías interurbanas, e mostran que é preciso un tratamento sinalético ou regulatorio específico.

Neste senso, a DGT ven de presentar no mes de xullo o plan “Rutas ciclistas protexidas” co obxectivo de definir itinerarios nos que a persoa ciclousuaria sexa obxecto dunha especial vixilancia para a súa protección. Estas rutas contarán cunha sinalización e regulación da velocidade por tramos específica. Ademais, establécese que haberá controis e vixilancia especial por parte dos Corpos de Seguridade competentes en cada caso, particularmente nas fins de semana.

En Galicia, hai 12 rutas así denominadas cun total de 689,4 quilómetros. Dúas delas na contorna de Santiago, pero entendemos que existen tramos que comezan ou rematan en Compostela que cumpren as condicións para seren incluídos no plan da DGT. Estes itinerarios son utilizados polos membros da Agrupación de Clubes Ciclistas e de Triatlón de Compostela, que xa que logo coñecen ben as súas características e potencialidades.

Tendo en conta todo o anteriormente sinalado, a través da presente declaración, os Grupos Municipais do Concello de Santiago reunidos en Pleno, **ACORDAN:**

- 1.- Instar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial da Coruña a que no exercicio das súas competencias doten das medidas de seguridade necesarias ás vías propostas no anexo I que se acompaña e que faciliten a súa declaración como “Ruta Ciclista Protexida”.
- 2.- Solicitar á DGT a inclusión de ditas vías no catálogo de “Rutas Ciclistas Protexidas”.
- 3.- O Concello de Santiago dotará, á maior brevidade posible, das medidas de seguridade necesarias á denominada “ruta Vía da Pataca” (Santiago-Lavacolla-Sigüeiro).”

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece a toma de posesión.

3. SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLO PROXECTO INTEGRADO DA NOVA ESTACIÓN INTERMODAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (ESTACIÓN DE FERROCARRIL-ESTACIÓN DE AUTOBUSES-PASARELA PEONIL DE CONEXIÓN).

O informe xurídico en relación ao asunto do epígrafe emitido pola xefa de sección de xestión urbanística e que trae o conforme do concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda, mobilidade e relacións veciñais de data 15 de setembro de 2017, ten o seguinte contido:

“O presente informe emítese a resultas da Providencia do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais de data 15 de setembro de 2017, co contido que deseguido se transcribe:

Nesta semana a Dirección Xeral de Mobilidade comunicou ao Concello de Santiago o especial interese e urxencia na tramitación do procedemento de expropiación dos bens e dereitos afectados polo Proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de ferrocarril-estación de autobuses-pasarela peonil de conexión), de xeito que na mesma sesión do Consello da Xunta na que se prevé aprobar o citado Proxecto integrado, podería declararse a urxencia da ocupación dos bens afectados. Así, e para tal fin, resulta necesario que polo órgano competente da administración expropiante -o Concello de Santiago- se eleve ao Consello da Xunta a correspondente solicitude, co cumprimento dos requisitos legalmente esixidos.

Con data 13 de setembro requiríuse á Consellería que achegase informe xustificativo das razóns que, de ser o caso, habilitasen a aplicación do procedemento especial de urxente ocupación.

En resposta ao antedito requirimento, a Consellería, achegou, con data de hoxe, un informe do secretario xeral técnico recomendando que a obtención dos bens e dereitos se realice da forma máis urxente posible, dado o excepcional interese público e urxencia que reviste a construción da nova estación intermodal. Achégase tamén un informe da Dirección Xeral de Mobilidade, no que, logo de describir o excepcional interese e carácter urxente da actuación, se indica:

A posta en funcionamento da estación de autobuses, realizando a expropiación dos bens e dereitos afectados segundo os prazos previstos ao abeiro do procedemento ordinario contido na lei de expropiación forzosa podería poñer en risco o financiamento segundo os prazos esixidos por este Programa (refírese ao Programa Operativo FEDER 2014-2020, que garante a viabilidade das obras).

Polo exposto, prégase que, á maior brevidade posible, e previos os informes e trámites que procedan, se inclúa no Pleno ordinario deste mes a adopción do acordo relativo á solicitude de declaración da urxente ocupación.

1. Tramitación do proxecto integrado segundo a Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese público

Con data 14 de marzo de 2017 a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia presentou no Concello de Santiago o Proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de ferrocarril - estación de autobuses - pasarela peonil de conexión), acompañado do acordo de inicio da súa tramitación a través do procedemento regulado pola Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

En cumprimento do esixido polo apartado 4 do artigo único da citada Lei 3/2016, o Concello de Santiago someteu o proxecto ao trámite de información pública, polo prazo de vinte días soltos, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Boletín Oficial da Provincia e nos xornais La Voz de Galicia e en El Correo Gallego o día 27 de marzo de 2017.

Complementariamente, a administración municipal practicou notificación persoal aos titulares catastrais das parcelas incluídas no ámbito do proxecto, na súa condición de interesados directamente afectados pola aprobación do expediente, xa que esta conleva a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos seus bens e dereitos, para os efectos da súa expropiación forzosa (apartado 7 do artigo único da Lei 3/2016), correspondendo ao Concello de Santiago a condición de administración expropiante e beneficiaria das expropiacións que resulten precisas para executar o proxecto.

Durante o referido trámite de información pública, no Rexistro Xeral do Concello, presentáronse as seguintes alegacións:

DATA	NÚMERO REXISTRO	ALEGANTE
17.04.17	16.510	D. Alfredo Cabello Amézaga, en representación do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF)
24.04.17	17.589	D. José Mariño Codesido e D. Juan Rico Lenza

Con data 16 de maio o Concello de Santiago emitiu o informe requirido pola Lei 3/2016, sobre os intereses locais afectados, así como sobre as alegacións presentadas polos interesados no trámite de participación pública.

Ámbolos dous informes foron remitidos á Consellería o día 18 de maio de 2017, para a súa consideración, se o estimasen procedente, no acordo de aprobación do Proxecto, a adoptar polo Consello da Xunta de Galicia.

2. A expropiación dos bens e dereitos afectados e a declaración de urxente ocupación

Como xa se indicou antes, o acordo de aprobación do Proxecto integrado que adopte o Consello da Xunta levará implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados, para os efectos da súa expropiación forzosa ou imposición de servidumes.

A lei 3/2016 atribúe ao Concello no que radiquen os bens afectados a dobre condición de administración expropiante e de beneficiaria, polo que é responsabilidade da administración municipal tramitar o procedemento de expropiación dos bens e dereitos afectados, de conformidade co disposto na lexislación estatal de expropiación forzosa.

O procedemento de expropiación regulado na Lei de Expropiación admite dúas modalidades, que se denominan ordinaria ou de urxente ocupación. A modalidade de urxente ocupación, regulada nos artigos 52 da Lei de expropiación e 56 do seu Regulamento, configúrase como un procedemento especial cuxo principal efecto é habilitar a ocupación efectiva dos bens e dereitos afectados con anterioridade á fixación e pagamento do seu prezo xusto, invertendo así a regra xeral aplicable en materia de expropiación.

A declaración da urxente ocupación haberá de efectuarse mediante unha resolución expresa e motivada do Consello da Xunta de Galicia, e esixe o cumprimento dos seguintes requisitos:

1. Excepcionalidade: Haberá de acreditarse a concorrencia de circunstancias excepcionais que esixan ou polo menos aconsellen o emprego deste procedemento especial, de cuxa existencia efectiva debe quedar constancia axeitada no expediente.

A xurisprudencia ten declarado en numerosas ocasións a excepcionalidade da vía de urxencia. Así, entre outras, a STS de 25.01.2012 sinala que «...la apreciación de la urgencia en la expropiación constituye un concepto jurídico indeterminado y no un acto discrecional, por lo que, aún existiendo un ciertomargen de apreciación para su declaración, solo cabe una solución justa. Esta configuración de la declaración de urgencia exige, además, la concurrencia de dos presupuestos que sirven para legitimarla. En primer lugar, que concurren circunstancias excepcionales que justifiquen la merma de garantías que para el expropiado supone este procedimiento, muy singularmente la

percepción del justiprecio con posterioridad al despojo del bien por parte de la Administración. Esta exigencia viene establecida en el propio artículo 52 de la Ley de Expropiación Forzosa en el mismo arranque de su enunciado y se justifica en la necesidad de realizar las obras u otros fines que justifican la expropiación de forma inmediata, sin admitir demora, por perjudicarse en la tardanza los intereses públicos perseguidos por la expropiación (...)

No presente caso, ao se tratar dunha obra cuxa execución compete á Dirección Xeral de Mobilidade, achegouse por este órgano informe xustificativo das razóns de excepcional interese público e urxencia que aconsellan tramitar a ocupación urxente dos bens e dereitos necesarios, a fin de obter a súa dispoñibilidade no prazo mais curto posible, e non poñer en risco o financiamento das obras proxectadas con cargo aos fondos do programa FEDER.

2. Motivación: O acordo no que se declare a urxencia ha de estar suficientemente motivado coa enumeración das circunstancias que o xustifiquen, toda vez que a declaración de urxencia precisa un razoamento concreto e detallado motivador do emprego deste procedemento excepcional.

Polo tanto, a resolución que se adopte polo Consello da Xunta haberá de avaliar as razóns anteriormente indicadas, que aconsellan empregar a modalidade da expropiación urxente a fin de acadar a efectiva dispoñibilidade no prazo máis curto posible, evitando a demora derivada da tramitación do expediente de prezo xusto perante o Xurado de Expropiación.

3. A existencia de crédito presupostario previo, cuxa retención e previsión de pagamento debe figurar expresamente no expediente, con cargo ao presuposto do exercicio no que estea previsto levar a cabo a urxente ocupación.

4. No acordo de declaración de urxencia haberá de expoñerse o resultado do trámite de información pública realizado para declarar a necesidade de ocupación, ou, de ser o caso, para a aprobación do proxecto que a leva implícita.

O artigo 56 do Regulamento de expropiación forzosa preceptúa que o acordo de declaración de urxente ocupación conterá referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta así como ao resultado da información pública para oír aos afectados pola expropiación

Neste caso, como xa se indicou antes, o Concello de Santiago someteu a información pública, durante o prazo de vinte días, a relación de parcelas e titulares afectados pola expropiación -segundo o Proxecto remitido pola Consellería- e practicou notificación persoal individualizada a todos os titulares segundo Catastro, a fin de que puidesen

“formular as alegacións que estimen oportunas sobre a necesidade de ocupación dos seus bens e dereitos afectados”. Todo ilo en consideración a que, segundo a Lei 3/2016, a aprobación definitiva do proxecto leva implícita tanto a declaración de utilidade pública como a necesidade de ocupación dos bens afectados para os efectos de expropiación forzosa.

Así, a STS de 14 de novembro de 2000 sinala que "el trámite de información pública del artículo 18 de la Ley de Expropiación en los supuestos de expropiación urgente cuando la obra o finalidad determinada ha sido objeto de un proyecto debidamente aprobado, no es necesario que tenga carácter previo, pues el artículo 52.1 de la Ley dispone que se entenderá implícita la necesidad de ocupación según el proyecto aprobado y los reformados posteriores, sin perjuicio, claro está, de la información pública previa a la aprobación del proyecto de obras que venga legalmente exigida".

Durante a información pública calquera persoa puido coñecer a relación de parcelas afectadas, e opoñerse, por motivos de fondo ou de forma, á necesidade da súa ocupación, e mesmo indicar as razóns polas que consideraría preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos e non comprendidos na relación. Así mesmo, puido poñer de manifesto calquera erro, material ou xurídico, na identificación dos bens, dereitos e titulares afectados, así como solicitar tanto a exclusión de calquera ben ou dereito que estimase necesario para executar o proxecto, como a inclusión doutros non considerados por este.

No informe asinado pola arquitecta municipal con data 16 de maio inclúese a valoración do resultado do trámite de participación pública, e a resposta motivada ás alegacións presentadas, correspondendo ao Consello da Xunta a resolución definitiva do expediente, no que se concretará a relación de bens e dereitos de necesaria ocupación.

3. Proposta

En consecuencia, e con fundamento no anteriormente exposto, **proponse ao Pleno Municipal**, previo ditame que habrá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Solicitar ao Consello da Xunta de Galicia a **declaración da urxente ocupación**, dos bens e dereitos necesarios para executar o Proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de ferrocarril-estación de autobuses-pasarela peonil de conexión).”

Con posterioridade e data de 18 de setembro de 2017, a xefa de sección de xestión urbanística, emite novo informe xurídico relativo á motivación da urxencia da

ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto, co seguinte contido:

“De conformidade cos informes remitidos pola Dirección xeral de Mobilidade e polo secretario xeral técnico da Consellería de Infraestruturas e Vivenda -ámbolos dous de data 14 de setembro de 2017- resúmense de seguido as razóns que xustifican a aplicación do procedemento de urxente ocupación dos bens e dereitos de necesaria expropiación.

1ª. A tramitación do proxecto que lexitima a expropiación a través do procedemento regulado pola Lei 3/2016, aplicable aos “proxectos de especial urxencia”, que, segundo reza a súa exposición de motivos, “han de ser impulsados co fin de lograr os beneficios sociais e económicos para a nosa Comunidade autónoma que lle son propios”. A tal fin, a lei impón ao Concello no que se empracen os bens a obriga de impulsar a súa obtención a través do procedemento de expropiación, así como á ulterior transferencia da súa titularidade ao órgano promotor da actuación.

2ª. A urxencia que no momento actual reviste a transformación da actual estación de ferrocarril de Santiago de Compostela nunha estación intermodal, que acolla tanto os servizos de alta velocidade como a nova estación de autobuses para o transporte público por estrada, sendo este un obxectivo esencial e prioritario do plan de mobilidade sustentable.

3ª A execución dos compromisos asumidos polo Concello de Santiago no Convenio marco de colaboración asinado o 15 de xuño de 2016, que inclúen tanto a obtención dos terreos afectados como a súa posterior cesión ás administracións competentes, para a efectiva execución das actuacións proxectadas na Estación de ferrocarril e no seu contorno.

4ª O financiamento da actuación a través do Programa Operativo FEDER 2014-2020 esixe axilizar, canto sexa posible, o proceso de obtención dos terreos afectados, o que aconsella anticipar a súa ocupación efectiva e posta a disposición da Consellería sen agardar á tramitación do prezo xusto perante o Xurado de Expropiación, xa que isto suporía unha demora de máis de seis meses, que podería poñer en risco o financiamento da actuación.”

Rematado o debate, de conformidade cos informes emitidos e máis co ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente á sesión ordinaria do día 18 de setembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as acorda, solicitar ao Consello da Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación, dos bens e dereitos necesarios para executar o Proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de ferrocarril-

estación de autobuses-pasarela peonil de conexión).

4. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA “ÁREA DE SANTIAGO”.

Figuran no devandito expediente, proposta da concelleira de turismo, de data 8 de xuño de 2017, informes de intervención de datas 24 de agosto de 2017 e de 12 de setembro de 2017, núm. 663/2017, informes de secretaría de datas 29 de xuño e 28 de xullo de 2017 e informe complementario dos anteriores, o texto do convenio, e máis ditame da Comisión de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas de data 18 de setembro do corrente ano.

Rematado o debate, procédese a votación, e o Pleno da Corporación, por 12 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (10 CA e 2 BNG), e 12 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do Socialista (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), e ao non acadar a votación o quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, queda rexeitada a aprobación do convenio de colaboración para a xestión do programa “Área de Santiago”.

5. DETERMINACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2018.

Vista a proposta da concelleira delegada de réxime interior, e o ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas emitido na sesión extraordinaria do día 18 de setembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as aproba como festivos locais para o ano 2018:

Ascensión, 10 de maio.

San Roque, 16 de agosto.

6. APROBACIÓN DO IV PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O informe emitido polaxefatura do servizo da área de acción social que trae o conforme da concelleira de igualdade, desenvolvemento económico e turismo, de data 8 de setembro do corrente ano, en relación ao presente asunto, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES:

O III Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela foi aprobado na lexislatura 2007/2011. Tras a avaliación realizada dos resultados deste plan, concluíuse

que, se ben a súa execución e aproveitamento se revelaron como adecuadas, e os obxectivos formulados foron en termos xerais acadados, a realidade sociolóxica da sociedade compostelá (tal e como sucede coa realidade social global) invita a:

- Seguir afondando sobre as liñas de traballo existentes en prol da igualdade
- Abrir novas formas derivadas da realidade e das necesidades cambiantes do tecido social, particularmente das mulleres.

Por tal motivo, considerouse necesario incrementar os niveis de igualdade entre mulleres e homes baseándose fundamentalmente na aplicación transversal da perspectiva de xénero tanto nas políticas que afectan directamente a cidadanía como nas políticas e actuacións xerais a desenvolver polo Concello, pois é de suma importancia que os gobernos locais integren plenamente a dimensión de xénero nas súas políticas, na súa organización e nas súas prácticas.

Así mesmo, o artigo 21.2 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes, e en relación coas Entidades Locais dispón que: *“as entidades locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, para tal efecto, co resto das Administracións Públicas”*

SITUACIÓN ACTUAL:

Por todo o exposto, a Concellaría de Igualdade considerou necesario proceder á redacción dun novo plan de igualdade como instrumento esencial no deseño das directrices da política de igualdade municipal.

Para isto, partiuse dunha análise sociolóxica-social sobre a situación da muller no noso municipio, para que servira de diagnose da situación para dita elaboración.

Metodoloxicamente, o IV Plan de Igualdade ten como punto de arranque o estudo Diagnose de Desigualdades promovido dende esta Concellaría de Igualdade no ano 2015 do que se parte para identificar as necesidades e deseñar actuacións dirixidas a superar as desigualdades persistentes entre mulleres e homes. Partir de esta diagnose axudou a deseñar un Plan de Igualdade apegado á realidade, recoñecendo ámbitos de mellora e deseñando itinerarios de intervención transformadores.

Tras esa diagnose previa, procedeuse a convocatoria de mesas de traballo sectoriais cos distintos axentes sociais composteláns e coa presenza de persoal experto: persoal municipal, tecido asociativo, entidades... As mesas trataron de xeito monográfico as seguintes áreas:

- 1. Mulleres, empregabilidade e ámbito laboral**
- 2. Benestar e calidade de vida: políticas sociais, saúde e familias**
- 3. Participación: empoderamento, visibilidade, políticas públicas e asociacionismo**
- 4. Tempo de lecer (educación, cultura e deportes)**
- 5. Administración local e mainstreaming de xénero**

Os resultados obtidos destas mesas de traballo foron recollidos no documento que contén o IV Plan de Igualdade, que constituíron un factor fundamental de enriquecemento do mesmo.

En relación co proxecto IV Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela 2017-2020, infórmase que a súa aprobación non supón ningún gasto para o concello no exercicio orzamentario actual, (2017) polo que non precisa de consignación orzamentaria para este exercicio, existindo un compromiso político do Goberno Municipal para os vindeiros exercicios económicos 2018-2019 en destinar unha parte dos orzamentos das diferentes Concellarías que compoñen a Corporación para a execución e posta en marcha das actuacións que se inclúen no Plan e que teñan relación directa coas Concellarías en función da materia e, en todo caso, suxeita á existencia do crédito orzamentario adecuado e suficiente no momento da súa execución.

PROPOSTA:

Compre agora, a xuízo da que subscribe:

1. Presentar o expediente para o seu ditame á Comisión Informativa de Participación, Igualdade e Transparencia.
2. Someter o IV Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela a súa aprobación polo Pleno da Corporación, na súa sesión ordinaria do mes de setembro.”

Rematado o debate, e a vista do informe transcrito, máis do ditame favorable da Comisión de participación, igualdade e transparencia, correspondente a súa sesión do día 18 de setembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, aproba o IV Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela 2017-2020.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE AS MEDIDAS A ADOPTAR EN RELACIÓN CO COBRO INDEBIDO DE PLUSVALÍAS PROCEDENTES DO IMPOSTO POLO INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

O texto da proposición do epígrafe presentada con data 6 de setembro de 2017, e número de entrada 39581, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU), regulado no RDL 2/2004, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LFL) é un imposto local, dos chamados potestativos, que os concellos poden decidir establecelo ou non.

O feito imponible do imposto é, de acordo co artigo 104 da LFL, o incremento de valor que experimenten os terreos urbanos e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera título. A cuantificación do imposto faise de forma obxectiva atendendo ao seu valor catastral e aos anos (cun máximo de 20) durante os cales o propietario foi titular do terreo.

Este método de cuantificación estableceuse por razóns de simplificación da aplicación do imposto, pero provoca situacións nas que, a pesar de non existir un incremento real do valor do terreo ou mesmo unha perda de valor, a aplicación da norma determina a tributación por este imposto.

Nos últimos anos o problema intensificouse porque a crise inmobiliaria provocou unha perda xeneralizada de valor dos inmobles urbanos.

O certo é que esta situación deu pé a un importante número de reclamacións xudiciais que finalmente desembocaron na formulación de cuestións de inconstitucionalidade, por consideralo contrario ao principio de capacidade económica contido no artigo 31 da Constitución española.

Froito das cuestións expostas, o Tribunal Constitucional (TC) emitiu senllas sentenzas declarando inconstitucionais a Norma Foral de Guipúscoa (STC 26/2017, do 16 de febreiro) e a Norma Foral de Árabas (STC 37/2017, do 1 de marzo), nos artigos que regulan a cuantificación do Imposto. Declaráronse inconstitucionais e nulos “*unicamente na medida que someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor*”.

As normas declaradas inconstitucionais son idénticas, no que se refire á cuantificación do imposto, á normativa que rexe en territorio común (artigo 107 da LFL), respecto da que tamén existían expostas cuestións de inconstitucionalidade, polo que o TC se ten

pronunciado en idéntico sentido na sentenza do 11 de maio de /2017, na cuestión de inconstitucionalidade nº 4864/2016, e declara por unanimidade que os artigos 107.1, 107.2 a) e 110.4, todos eles do texto refundido da LFL, son inconstitucionais e nulos, pero unicamente na medida que someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor.

É importante apuntar que o TC sinala claramente que o IIVTNU non é con carácter xeral, contrario á Constitución española. O é unicamente naqueles supostos nos que somete a tributación casos que non reflicten capacidade económica, na medida na que non hai aumento de valor do terreo no momento da transmisión.

O Grupo Municipal Popular -tal e como se ten feito noutros ámbitos- entende que é preciso modificar a LFL para adaptala a estes pronunciamentos, aínda que xa con esta última sentenza, para os casos nos que se fixeron tributar supostos nos que non existiu aumento de valor do terreo, os concellos deben de proceder a adoptar medidas tendentes a facilitar a devolución das cantidades indebidamente recadadas.

Polo anterior o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposición propoñendo a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela procederá a:

- 1.- Realizar un estudo sobre a repercusión das cantidades indebidamente recadadas no cobro do IIVTNU na cidadanía e no orzamento municipal, conforme ás sentenzas do Tribunal Constitucional e informar á veciñanza ao respecto.
- 2.- Articular as medidas que se consideren necesarias para facilitar a devolución ás persoas contribuíntes afectadas das cantidades indebidamente recadadas a través do IIVTNU, as chamadas plusvalías, nos supostos declarados inconstitucionais polo TC. Estas medidas procurarán que a devolución se realice do xeito máis eficaz posible e mediante procedementos áxiles, co fin de evitar a conflitividade neste ámbito tributario.
- 3.- Demandar do Goberno de España a máxima axilidade na modificación do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana para os efectos de axeitala ás últimas sentenzas do Tribunal Constitucional e a procura de medidas para compensar aos concellos que teñan que facer fronte á devolución do recadado por este concepto.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG

(9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda:

O Concello de Santiago de Compostela procederá a:

1.- Realizar un estudo sobre a repercusión das cantidades indebidamente recadadas no cobro do IIVTNU na cidadanía e no orzamento municipal, conforme ás sentenzas do Tribunal Constitucional e informar á veciñanza ao respecto.

2.- Articular as medidas que se consideren necesarias para facilitar a devolución ás persoas contribuíntes afectadas das cantidades indebidamente recadadas a través do IIVTNU, as chamadas plusvalías, nos supostos declarados inconstitucionais polo TC. Estas medidas procurarán que a devolución se realice do xeito máis eficaz posible e mediante procedementos áxiles, co fin de evitar a conflitividade neste ámbito tributario.

3.- Demandar do Goberno de España a máxima axilidade na modificación do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana para os efectos de axeitala ás últimas sentenzas do Tribunal Constitucional e a procura de medidas para compensar aos concellos que teñan que facer fronte á devolución do recadado por este concepto.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA A RECUPERACIÓN DE DÚAS ESCULTURAS DO PÓRTICO DA GLORIA PARA O PATRIMONIO PÚBLICO.

O texto da proposición presentada polo BNG con data 7 de setembro do corrente ano, número de rexistro 259, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á recuperación de dúas esculturas do Pórtico da Gloria para patrimonio público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pazo de Xelmirez acolle agora a exposición “Mestre Mateo” que o pasado novembro se inaugurou no Museo do Prado de Madrid e que reuniu por vez primeira un singular conxunto de esculturas do xenial artista ao que se lle dedicou o primeiro Día das Artes Galegas, autor, entre outras obras, do Pórtico da Gloria da Catedral, considerado un dos tesouros da historia da arte universal.

Nas pezas que se expoñen atópanse dúas obras que no seu tempo pertenceron ao propio Pórtico da Gloria e que o Mestre Mateo creou, polo tanto, para a Catedral de Santiago.

Trátase das imaxes de Abrahán/Xeremías e Isaac/Ezequiel que en 1948 foron mercadas polo Concello de Santiago ao conde de Ximonde por 60.000 pesetas, coa condición de que estas non abandonasen a capital da Galiza, mais que de maneira totalmente irregular e sen se coñeceren os procedementos empregados obran no poder da familia de Francisco Franco e non están en Compostela senón no Pazo de Cornide, na Coruña.

En 2012, con motivo da exposición DomusIacobi que conmemoraba o 800 aniversario da Catedral na que se mostraban as dúas esculturas, o grupo municipal do BNG rexistrara xa unha pregunta ao goberno municipal sobre a existencia dalgún documento que dera conta da cesión das esculturas á familia Franco e, no caso de non existir, reclamaba o inicio de accións para recuperar as valiosas tallas de Mestre Mateo. A representante do goberno do PP respondía entón que consultados distintos departamentos non constaba ningún documento que acreditase a cesión. A iniciativa chegaba ao concello despois de que a Asociación O Sorriso de Daniel iniciara unha campaña encamiñada a recuperar as dúas tallas pétreas para o patrimonio público co obxectivo tamén de reagrupar o patrimonio Mateano. Catro anos despois, as esculturas volven saír ao espazo público con motivo da exposición do Mestre Mateo, primeiro no Prado e logo no Pazo de Xelmirez, mais continúa sen ver á luz ningún documento que explique por que dúas xoias artísticas que foron mercadas para integrar o patrimonio do Concello de Santiago están en dominio privado da familia Franco na Casa de Cornide da Coruña.

Para o BNG a cuestión é de extrema gravidade e require unha acción firme por parte do goberno municipal de Santiago de Compostela tanto para asegurar a integridade e o control das esculturas como para actuar de cara a recuperalas para o patrimonio público.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Que o goberno municipal inste á Xunta de Galiza para iniciar, con carácter de urxencia, o procedemento para a declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) das dúas esculturas.

A investigación exhaustiva nos arquivos municipais que demostre en que condicións esas pezas saíron das instalacións municipais.

Iniciar o procedemento para recuperar para o patrimonio municipal as dúas tallas de Mestre Mateo que foron mercadas en 1948 polo Concello de Santiago coa condición, como consta nas investigacións existentes, de que non abandonasen o término municipal.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as, acorda:

Que o goberno municipal inste á Xunta de Galiza para iniciar, con carácter de urxencia, o procedemento para a declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) das dúas esculturas.

A investigación exhaustiva nos arquivos municipais que demostre en que condicións esas pezas saíron das instalacións municipais.

Iniciar o procedemento para recuperar para o patrimonio municipal as dúas tallas de Mestre Mateo que foron mercadas en 1948 polo Concello de Santiago coa condición, como consta nas investigacións existentes, de que non abandonasen o termo municipal.

Trás a votación e antes de pasar a tratar o punto seguinte faise un receso de vinte minutos (de 19:20 a 19:40 horas).

9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE O ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ENTRADA DA VÍA DA PRATA NO CONCELLO DE SANTIAGO.

Con data de rexistro de entrada na Secretaría do Pleno do día 11 de setembro de 2017, e número de rexistro 260, o grupo municipal Popular presenta a seguinte proposición:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O arranxo, mantemento e preservación da totalidade dos camiños de peregrinación que conducen a Santiago debe ser unha tarefa prioritaria das administracións públicas galegas e, de forma moi especial, daquelas por onde transcorren os seus trazados. No caso do noso Concello esa prioridade e implicación ten que multiplicarse por tratarse do punto final, meta e destino, onde converxen as distintas rutas procedentes dos máis distintos confíns.

Non é preciso incidir na importancia dese labor de coidado e supervisión das vías xacobeas, non só para facilitar o tránsito do crecente número de persoas que as empregan cada ano en dirección ao sepulcro do Apóstolo, senón tamén porque forman parte da rede viaria municipal para o servizo da veciñanza. A situación na que se atopan o camiño e a súa contorna adoitan, ademais, constituír referente directo da xestión pública e un síntoma do aprecio pola historia e o patrimonio da colectividade.

Tendo presente estes e poida que outros aspectos, a mediados do pasado mes de febreiro a Xunta de Galicia –a través das consellerías de Cultura, de Infraestruturas e da Turismo de Galicia- e o Concello de Santiago asinaron un protocolo de colaboración para a mellora e integración paisaxística das entradas dos camiños de Santiago no termo municipal co horizonte no vindeiro ano xacobeo de 2021. Con ese fin, a administración autonómica prevé destinar 4,2 millóns de euros para actuar en distintos tramos do Camiño Francés (do Monte do Gozo a San Lázaro e na zona das Fontiñas e Concheiros), no Camiño Portugués (nas inmediacións do mosteiro e rotonda de Conxo) e no Camiño Inglés (no seu percorrido polo Polígono do Tambre e Boisaca).

Conforme ao acordo subscrito, a Xunta redactará os proxectos e executará as obras, namentres o Concello se fará cargo da tramitación administrativa, da posta a disposición dos terreos e da reposición dos servizos, coa mirada posta no ano 2020 para o remate das obras.

Ninguén pode negar a importancia desas tres rutas, de forma moi especial o Camiño Francés, que no seu tramo final vén canalizando máis do 73% do tránsito xacobeo, e o Portugués, que supera o 18%. No terceiro lugar no rexistro de peregrinos sitúase o Camiño Inglés, cun 3,5%, practicamente emparellado coa Vía da Prata.

Resulta sorprendente, con todo, que no protocolo citado entre a Xunta e o Concello non se recolla de forma expresa algunha actuación na Vía da Prata, aínda que sabemos que Goberno galego ten manifestado a vontade de “avaliar a extensión do acordo a outros ámbitos”.

O notable deterioro que presenta o itinerario do sueste nalgún tramo concreto e o crecente incremento de peregrinos que pode representar a oficialización no verán pasado do Camiño do Inverno, que entronca con esta vía no Concello de Lalín, deberían ser motivo suficiente para incluílo nunha programación a curto prazo.

Como é sabido, a denominada Vía da Prata penetra no noso Concello pola Susana, pasando ao carón da vella escola unitaria hoxe convertida en Centro BTT. No seu percorrido atravesa as parroquias de Marrozos, O Eixo e Sar para acceder ao núcleo histórico polo Arco de Mazarelos.

Aínda que ao longo dos seus case 9 quilómetros non presenta moitas deficiencias no tocante a mantemento e integración paisaxística (entre as melloras necesarias cómpre citar a baixada do núcleo da Susana ata a antiga N-525 e o coidado nos contornos dos cruceiros de Aldrei e Piñeiro do Eixo), a zona peor sitúase xusto no tramo de arredor de dous quilómetros que conecta o vello Camiño Real ao seu paso por Piñeiro e Angrois ata a rúa de Sar.

Un trazado que no seu inicio presenta un firme de terra e entullo en moi mal estado, con cascallos de diversa natureza, mesmo plásticos, e que no seu tramo intermedio foi afectado en parte polas obras de ampliación da autoestrada AP-9 que fixeron desviar provisionalmente o tradicional itinerario plano cara a unha costa de grava cun elevadísimo desnivel. Un verdadeiro atranco que pon a proba a temperanza e os folgos dos peregrinos no seu esforzo final. Recuperado o alento no decorrer pola habilitada praza de Angrois, aínda haberá que sortear varios obstáculos pola beirarrúa, cando esta existe, ata acadar a rúa de Sar, a partir de onde se percibe unha mellora no tratamento urbano.

A proximidade dun inminente remate das obras da AP-9 e a lamentable situación deste tramo final desde Piñeiro do Eixo deberían ser motivos máis que suficientes para decidir canto antes a inclusión desta entrada da Vía da Prata na programación máis urxente a desenvolver dentro das actuacións nas que colaboran as administracións públicas.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular proponlle ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Goberno a que coa maior urxencia posible dea os pasos necesarios para conseguir o acondicionamento e mellora do trazado da Vía da Prata no termo municipal, de forma prioritaria no tramo que discorre entre o Camiño Real de Piñeiro do Eixo e Angrois ata a rúa de Sar, ben sexa mediante unha addenda ao protocolo subscrito este mesmo ano coa Xunta de Galicia ou a través de calquera outra fórmula que permita unha pronta execución.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as acorda, instar ao correspondente órgano do goberno a que coa maior urxencia posible dea os pasos necesarios para conseguir o acondicionamento e mellora do trazado da Vía da Prata no termo municipal, de forma prioritaria no tramo que discorre entre o Camiño Real de Piñeiro do Eixo e Angrois ata a rúa de Sar, ben sexa mediante unha addenda ao protocolo subscrito este mesmo ano coa Xunta de Galicia ou a través de calquera outra fórmula que permita unha pronta execución.

10. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, RELATIVA Á INSTALACIÓN DE FIBRA ÓPTICA NO ÁMBITO DA CIDADE HISTÓRICA.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal Socialista con data 12 de setembro do corrente ano, e número de entrada 261, ten o seguinte contido:

“No ano 2011, a Organización de Nacións Unidas (ONU), declarou o acceso a Internet como un dereito humano altamente protexido, contemplando a esixencia aos países membros coa finalidade de facilitar un servizo accesible e asequible para todos, estimando como unha prioridade o asegurar á cidadanía o acceso a Internet. A ferramenta tecnolóxica de Internet permite aos individuos o exercicio do dereito de opinión e expresión, así como o acceso á información, converténdose nun elemento practicamente necesario na denominada sociedade da información.

Hoxe en día, o uso de Internet está estendido de maneira notable entre a poboación do noso país, de tal forma que segundo unha enquisa do Instituto Nacional de Estatística (INE) sobre Equipamento e Uso de Tecnoloxía de Información e Comunicación nos Fogares, hai xa máis usuarios de Internet (76,2%) que de ordenador (73,3%).

Os dispositivos con acceso a Internet tales como ordenadores portátiles, tabletas electrónicas, teléfonos móbiles, TV por cable, incorporáronse á vida cotián da veciñanza da nosa cidade. Facilitar o acceso en boas condicións a unha conexión de Internet nas nosas empresas e vivendas, pode servir para dinamizar e promover a instalación de autónomos nese ámbito, así como para incrementar a poboación residente no mesmo, ambos os dous obxectivos importantes para manter viva a Cidade Histórica.

Xa vai para tres lustros que se comezaron a instalar infraestruturas de cable de fibra óptica por toda a cidade de Santiago. Pero, mentres no resto dos barrios, as compañías de telecomunicacións levantaban as rúas, beirarrúas e escavaban gabias para dotar deste moderno servizo de telecomunicacións a empresas e a toda a veciñanza, o Casco Histórico é o único ámbito onde os residentes só dispoñen dun servizo de telecomunicacións baseado no ADSL, unha tecnoloxía de case trinta anos de antigüidade, e que alonxa á poboación da Cidade Histórica dos avances tecnolóxicos en telecomunicacións que están a disfrutar o resto dos composteláns.

No caso do ADSL, a velocidade proporcionada está en relación coa distancia da instalación á central, un dos produtos top ofertados é o de 20 Mbps de baixada e 2 Mbps de subida (o ADSL sempre é asimétrico, ten distinta velocidade de baixada que de subida). O resultado dun test realizado nunha vivenda da Cidade Histórica dou como resultado que na actualidade dispón de 2,44 Mbps de baixada e 0,1954 Mbps de subida.

A fibra óptica, sen embargo, parte case sempre de velocidades de 50 Mbps de velocidade de baixada. Pode ser simétrica ou asimétrica, respecto á velocidade de subida pero a maioría das compañías teñen nas súas ofertas produtos de ata 300 Mbps (entre 25 e 150 veces a conexión da que se dispón na actualidade).

Sen dúbida, a fibra óptica é necesaria para dispor dunha conexión mínima a Internet dados os requisitos de número de dispositivos conectados e os tráfico de datos que se manexan hoxe en día.

É impensable que as empresas ou profesionais se asenten na cidade vella sen ter un acceso decente a Internet. Poderán prescindir doutros servizos pero dun acceso competente a Internet non. Aos que queren estar ao día nos servizos dixitais, e teñen ou queren traballar na améndoa, resúltalles dificilísimo ou imposible estar á altura do que a competencia lles esixe na actualidade. Como poden traballar creativos, arquitectos, avogados, médicos ... cun acceso a Internet tan deficitario?.

A implantación da fibra óptica axudaría a consolidar poboación, profesionais, empresas e negocios e o custe da medida podería ser asumida polas operadoras de telefonía sempre que o Concello estude e decida como se debe realizar esta instalación.

Por todo isto é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

Que o goberno do Concello de Santiago, á maior brevidade posible, encargue un informe no que se estude tecnicamente a instalación da fibra óptica no ámbito da Cidade Histórica.

Que o goberno da cidade realice as xestións necesarias entre as empresas de telecomunicacións principais (Movistar, Vodafone, Orange..) e as administracións competentes para que desapareza a discriminatoria situación de “apartheid” tecnolóxico en servizos de telecomunicacións que está a sufrir a veciñanza e traballadores do Casco Histórico.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as, acorda:

Que o goberno municipal, á maior brevidade posible, encargue un informe no que se estude tecnicamente a instalación da fibra óptica no ámbito da Cidade Histórica.

E así mesmo, que realice as xestións necesarias entre as empresas de telecomunicacións principais (Movistar, Vodafone, Orange..) e as administracións competentes para que desapareza a discriminatoria situación de “apartheid” tecnolóxico en servizos de telecomunicacións que está a sufrir a veciñanza e traballadores do Casco Histórico.

11. DAR CONTA DA ELEVACIÓN Á APROBACIÓN DEFINITIVA DAS MODIFICACIÓNS DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO PLENO.

Dáse conta ao pleno da elevación á aprobación definitiva das modificacións do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno, aprobadas inicialmente na sesión plenaria ordinaria do día 15 de xuño do corrente ano, e publicadas no BOP núm. 120, do día 15 de xuño, e ás que non se presentaron reclamacións nin suxestións.

Así mesmo, dáse conta ao Pleno do texto íntegro do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, que será publicado no Boletín Oficial da Provincia.

12. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas, do 26 de xuño ao 22 de agosto de 2017 (núms. 4246 ao 5339).

Así mesmo dáse conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Acta sesión ordinaria do día 30 de xuño de 2017 (Núm. 45).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 3 de xullo de 2017 (Núm. 46).
Acta sesión ordinaria do día 7 de xullo de 2017 (Núm. 47).
Acta sesión ordinaria do día 14 de xullo de 2017 (Núm. 48).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 20 de xullo de 2017 (Núm. 49).
Acta sesión ordinaria do día 21 de xullo de 2017 (Núm. 50).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 21 de xullo de 2017 (Núm. 51).
Acta sesión ordinaria do día 28 de xullo de 2017 (Núm. 52).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 28 de xullo de 2017 (Núm. 53).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 31 de xullo de 2017 (Núm. 54).
Acta sesión ordinaria do día 4 de agosto de 2017 (Núm. 55).
Acta sesión ordinaria do día 11 de agosto de 2017 (Núm. 56).
Acta sesión ordinaria do día 18 de agosto de 2017 (Núm. 57).

13. SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DE ECONOMÍA, FACENDA E ADMINISTRACIÓN.

O grupo municipal do Partido Popular, presenta solicitude de comparecencia da concelleira de economía, facenda e administración, que tivo entrada con data do 15 de setembro do corrente ano, núm. 281.

Sometida a votación a devandita solicitude é aceptada polo Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as, dita comparecencia para o vindeiro pleno ordinario.

14. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PARTIDO POPULAR.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 13 de setembro de 2017, núm. 262.
- 2.- Rexistro de entrada do día 13 de setembro de 2017, núm. 263.
- 3.- Rexistro de entrada do día 13 de setembro de 2017, núm. 264.

PREGUNTAS RESPOSTA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 13 de setembro de 2017, núm. 265.
- 2.- Rexistro de entrada do día 13 de setembro de 2017, núm. 266.
- 3.- Rexistro de entrada do día 13 de setembro de 2017, núm. 267.
- 4.-Rexistro de entrada do día 13 de setembro de 2017, núm. 268.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 13 de setembro de 2017, núm. 269.
- 2.- Rexistro de entrada do día 13 de setembro de 2017, núm. 270.

PREGUNTAS RESPOSTA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 13 de setembro de 2017, núm 271.
- 2.- Rexistro de entrada do día 13 de setembro de 2017, núm. 272.
- 3.- Rexistro de entrada do día 13 de setembro de 2017, núm. 273.

PREGUNTAS RESPOSTA ESCRITA:

- 1.- Rexistro de entrada do día 27 de xullo de 2017, núm. 256.
- 2.- Rexistro de entrada do día 14 de setembro de 2017, núm. 277.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.-

ROGO:

- 1.- Rexistro de entrada do día 13 de setembro de 2017, núm. 274.

PREGUNTA RESPONSA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 13 de setembro de 2017, núm. 275.
- 2.- Rexistro de entrada do día 13 de setembro de 2017, núm. 276.

Unha vez rematado o debate da pregunta oral formulada polo grupo municipal Popular, núm. 268, auséntase a señora Corral, que se incorpora no debate da seguinte pregunta.

15. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

TEXTOS DAS MOCIÓN PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

1.- Rexistro de entrada do día 5 de setembro de 2017, núm. 257, para a recuperación, dignificación e divulgación do Panteón Real da Catedral de Santiago de Compostela.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do seu portavoz Rubén Cela, e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno a recuperación, dignificación e divulgación do Panteón Real da Catedral de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Museo da Catedral de Santiago de Compostela é un dos museos máis visitados de Galiza (en 2016 visitárono 187.000 persoas). Este museo acubilla no seu interior o Panteón Real no que se sitúan os sarkegos de reis e persoeiros do Reino de Galiza que foron trasladados en 1535 desde a súa anterior localización na capela de Santa Catarina, a carón da Porta da Acibechería.

En concreto, atópanse soterrados os restos de Fernando II e Alfonso VIII, que ostentaron o título de “Reis de Galiza e León” e que reinaron entre 1157 e 1230:

- **Fernando II** (1157-1188): foi rei de Galiza e León. Casou inicialmente con Urraca, filla de Afonso Enríquez, primeiro rei de Portugal, mais esta alianza non se consumou totalmente. Separado da princesa portuguesa por presión papal, pretextando razóns de consanguenidade, desatouse unha forte conflictividade nas terras de Toroño (Tui) e da Limia, especialmente arelantes da antiga unidade galego-portuguesa. Ativo impulsor dos centros urbáns, outorgou Cartas Forais que os dotaban de ampla autonomía fronte aos señores feudais. Cabe afirmar que é a partir de entón cando nacen todas as cidades galegas. O seu reinado está no centro dunha época de grande vitalidade cultural de

Galiza: continúa a construción da Catedral (foi el quen nomeu ao Mestre Mateo a dirección da finalización das obras, en 1168) e axiña vai florecer a lírica dos *Cancioneiros*.

- **Afonso VIII de Galiza e León** (1188-1230): Fillo de Fernando II. Ao igual que o pai casaría cunha princesa portuguesa, Tereixa, filla do Rei Sancho I, seguindo coa estratexia de lograr a unidade perdida pola Gallaecia histórica. Novamente o Papa intervíu para desfacer este matrimonio tamén por razóns de consanguenidade. Do seu posterior casamento con Berenguela de Castela nacería o futuro Fernando III, *O Santo*. Do matrimonio coa portuguesa ficábanlle dúas fillas, Sancha e Dulce, que se prevían como herdeiras, con apoio dun bo sector aristocrático propicio á aproximación a Portugal. Porén, acabaríanse impoñendo os favorábeis a Fernando III, especialmente pola presión eclesiástica, que nesa altura era xa rei de Castela. Afonso VIII morreu en Sarria cando ía camiño de Santiago, a cidade que máis amaba, a verdadeira capital dos seus reinos, após unha longa campaña na Transerra.

Ademais destes dous reis, repousan nese Panteón Real tamén:

- **Raimundo de Borgoña** (finado en 1107), casado con Dona Urraca, conde de Galiza e pai de Alfonso Raimúndez, coroado por Xelmírez rei de Galiza na catedral de Santiago, tal e como describe a Historia Compostelá, en 1111 e logo rei de León e Castela co nome de Afonso VII.

- **Berenguela de Barcelona** (finada en 1149), casada con Afonso VII

- **Xoana de Castro** (finada en 1374), irmá de Inés de Castro e esposa de Pedro I

- **Pedro Froilaz**, conde de Traba (finado en 1926)

As portas do Panteón Real abríronse ao público en 2003, logo de sete décadas pechado ao conxunta da veciñanza e visitantes, grazas a unha campaña social emprendida pola Agrupación Cultural “O Galo” (apoiada polo BNG) e que remataría en 2007 coa distribución de publicacións para fomentar o seu coñecemento, ademais de reclamar que se incluíse no roteiro de visitas e se velase polo seu estado de conservación.

A información que actualmente se dá nos paneis informativos non se axusta á realidade. Infórmase de que nese Panteón están os sarcófagos dos “reis de León” –como os define a historiografía española- aínda que realmente se coroaron como “Reis da Galiza” segundo figura en documentación e mapas da época. Ademais ao rei Alfonso VIII numéranos como “Alfonso IX” con intención de incluílo nunha ficticia nómina conxunta de Reis de Castela e León.

Para o Bloque Nacionalista Galego, esta é unha mostra máis de como o Reino de Galiza desaparece da historiografía española por unha cuestión política, a través dunha ocultación deliberada, no empeño por eliminar a súa existencia da nosa memoria colectiva. Nese sentido, o tratamento do Panteón Real da Catedral de Santiago dista moito de ser o outorgada ao Panteón Real de San Isidoro de León, no que subliñan o seu importante valor simbólico por estaren alí soterrados tantos reis de León, con apropiación exclusiva indebida, pois son tamén reis de Galiza .

Por ese motivo, desde o Bloque Nacionalista Galego, entendemos que todas as administracións públicas -nomeadamente o Concello de Santiago- deben traballar e colaborar de cara a restituír a transcendencia deste Panteón Real e recuperar a dignidade deste símbolo nacional galego, onde están os reis aos que se debe o esplendor patrimonial de Santiago, polo que

SOLICITAMOS

1. Que o Concello de Santiago de Compostela, a través da Concellaría de Turismo e/ou da empresa municipal INCOLSA elabore un díptico explicativo do significado histórico do Panteón Real e que sexa posto a disposición de todas as persoas que visitan a nosa cidade a través da Oficina Municipal de Turismo, o Centro Internacional de Acolida a Peregrinos, e demais medios de difusión ao seu alcance.
2. Que o Concello de Santiago en colaboración co Museo da Catedral, organice visitas guiadas para o conxunto da veciñanza ao Panteón Real, explicativas da importancia histórica do mesmo.
3. Que o Concello de Santiago inste ao Consorcio de Santiago á realización dunha publicación científica-divulgativa sobre o Panteón Real.
4. Que o Concello de Santiago inste aos responsábeis da Catedral de Santiago a:
 - a. Garantir o uso do galego na sinalética no Panteón Real e no conxunto do templo.
 - b. Repor os nomes de “Panteón Real” e “Reis da Galiza” ou "Reis de Galiza e León" en vez de “Reyes de León”.

2.- Rexistro de entrada do día 19 de setembro de 2017, núm. 286 (en substitución da presentada o día 15 de setembro, núm. 280), para non autorizar a instalación dunha gasoleira en Brandía tendo en conta que existen motivos técnicos para denegar.

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, co fin de non autorizar a instalación dunha gasoleira en Brandía tendo en conta que existen motivos técnicos para a denegar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza de Brandía ten manifestado publicamente a súa preocupación ante o anuncio da posíbel instalación dunha gasoleira a carón dunha urbanización con máis de 130 vivendas. Segundo eles, de producirse xeraría un problema de mobilidade, de ruído e de propia seguridade para a veciñanza da zona. Ademais ao entender no noso grupo municipal os accesos á gasoleira serán complicados porque a contorna non está preparada e existe unha rotonda que soporta un tráfico moi denso e unha das entradas á mesma, que vén de Bertamiráns, é costa arriba e, no mesmo sitio, remata unha liña de bus.

Outro problema está na proximidade dun parque infantil, polo que non resulta acaído que se instale unha gasoleira nese emprazamento.

Nas inmediacións hai unha papeleira que conta cuns depósitos de celulosa, material especialmente inflamábel. Tamén é destacábel que pola zona, concretamente ao longo do Paseo do Esvedro, pasa un ramal do gasoduto.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago vixiara especialmente a afectación que a instalación dunha gasoleira puidese provocar aos veciños de Brandía así como estudará as reivindicacións da propia veciñanza.

3.- Rexistro de entrada do día 21 de setembro de 2017, núm. 288,(en substitución da presentada o día 15 de setembro, núm. 279), en relación ao Pazo de Meirás.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposta, para o seu debate en Pleno, ao Pazo de Meirás e á Fundación Francisco Franco.

Exposición de motivos

O anuncio da decisión de que a Fundación Franco xestione as visitas ao Pazo de Meirás constitúe unha provocación, unha ofensa e falta de respecto tanto ás vítimas da

Ditadura como a Galiza no seu conxunto, e un escandaloso exemplo da impunidade con que se moveu en faia poloxía do terrorismo fascista.

Resulta insultante e vergonzoso que un espazo que é produto dun espolio sexa aínda propiedade da familia Franco. E resulta aínda máis indignante que a Fundación que leva o seu nome o utilice para contar unha versión absolutamente manipulada da historia e para facer poloxía da Ditadura e do ditador.

Estes feitos supoñen a constatación -por se non estaba suficientemente claro- da permanencia do franquismo nun réxime que se di democrático. E son posíbeis pola incapacidade do sistema político español para acabar coa vergonza que supón que a familia Franco sexa aínda dona dunha propiedade que é produto dun roubo, que faga negocio con ela e que a convirte nun parque temático de exaltación dun réxime totalitario que exterminou a miles de homes e mulleres por motivos políticos. Sería admisíbel que en Alemaña ou en Italia existisen palacios e fundacións dedicados a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?

Esta situación escandalosa e indignante é posíbel pola complicidade e a permisividade das institucións do Estado e da Xunta de Galiza, que consintén, amparan e protexen a Illa de impunidade e o parque temático franquista en que se convertiu o Pazo de Meirás. Por outra parte, cómpre ter en conta que o espolio de Meirás contou coa participación activa e decisiva de Deputacións e Concellos galegos. Polo tanto, estas administracións teñen a responsabilidade e o deber de sumarse ás iniciativas que procuran poñer fin a esta situación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Adherirse á proposta aprobada polo Pleno da corporación municipal de Sada instando tamén á Xunta de Galiza para que sexa este Concello o encargado das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, como garantía de que as persoas visitantes do BIC reciben unha información veraz sobre a historia deste espazo histórico.
2. Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo para facer poloxía da Ditadura e do Ditador. Instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Franco.
3. Adherirse e apoiar a iniciativa da “Xunta Pro da Devolución do Pazo de Meirás”, da que forman parte como entidades promotoras a Deputación da Coruña, os Concellos de

Sada e A Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña e a Iniciativa Galega pola Memoria.

4. Instar á Xunta de Galiza á elaboración dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.

TEXTO DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA.-

1.- Rexistro de entrada do día 6 de setembro de 2017, núm. 258, para a incorporación ao patrimonio público do pazo de meirás e das esculturas do Mestre Mateo en poder da familia Franco e a salvagarda da memoria histórica.

Marta Irene Lois González, portavoz do grupo municipal de Compostela Aberta presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No pasado ano 2016, o Concello de Santiago, lembrou o golpe de Estado do 36, en colaboración coa Universidade, cunha exposición na Fundación Granell que tiña por obxectivo recuperar a memoria da Compostela daquel fatídico verán. A exposición levou por título *80 anos. Santiago 1936* e quixo dar as claves para que a cidadanía puidese entender o día a día dunha cidade que desfrutaba dunha, aínda nova, democracia republicana e de como o réxime democrático foi substituído en cuestión de semanas por un réxime autoritario e unha ditadura militar. Cando se produce o golpe de Estado, Santiago é unha cidade en festas, precisamente as súas festas grandes, as do Apóstolo, foron interrompidas pola barbarie. A normalidade democrática foi substituída pola excepcionalidade autoritaria para instalar unha ditadura que durante 40 anos quixo camuflarse de ‘normalidade’, tamén.

É a nosa responsabilidade como representantes democraticamente electos da cidadanía instaurar políticas de memoria que combatan o relato desa ‘normalidade’ que o Franquismo quixo impor pola vía das armas. Unha ‘normalidade’ imposta que chega até os nosos días e que se manifesta con toda a súa crueza no conflito ao redor do Pazo de Meirás. Esta edificación, declarada Ben de Interese Cultural pola Xunta, foi ‘obsequiada’ polas autoridades franquistas a Franco xa en 1938, cando nin tan sequera a guerra tiña terminado. Para tal fin constituíuse unha ‘Junta Provincial Pro Pazo del Caudillo’ comandada polo Gobernador Civil da Coruña, Julio Muñoz Aguilar, e polo banqueiro Pedro Barrié de la Maza, que foron secundados por numerosos alcaldes e autoridades da nacente ditadura. O Pazo foi un ‘obsequio’ que tentou vestirse de ‘normalidade’ cando o que realmente tiña detrás era o drama dunha Galicia

empobrecida na que decenas de familias foron ameazadas para ser expropiadas e na que moitas persoas foron obrigadas a facer algunha ‘acheга’ para pagar o Pazo.

O propio patrimonio histórico de Santiago de Compostela viuse afectado por este tipo de procedementos ‘obsequiando’ as autoridades franquistas compostelás ao ditador con dúas estatuas que facían parte da fachada exterior que cubría o Pórtico da Gloria. Trátase de dúas estatuas-columnas de finais do séculoXII e comezos do XIII saídas do obradoiro do Mestre Mateo, e que no século XVIII foron trasladadas ao pazo do Conde de Ximonde. Xa durante a ditadura, o Concello de Santiago adquiriunas e utilizounas para decorar o Pazo de Raxoi, antes de servir de agasallo para a familia Franco, que as trasladouao Pazo de Meirásprimeiro e á Casa de Cornidedespois. Dese emprazamentosaíron en varias ocasións para diferentes exposicións, a última delas a gran mostra sobre o Mestre Mateo que aínda se pode ver no Pazo de Xelmírez, despois de ter pasado polo Museo do Prado.

Unha democracia se quer ser de calidade ten que ollar sen temor ao seu pasado e desvestir de ‘normalidade’ o que nunca o foi e que non pode continuar a ser considerado como tal. Nesta situación é na que se encontra o Pazo de Meirás, e nesta situación é naque se encontran as estatuas pertencentes ao Pórtico da Gloria que aínda continúan a ser propiedade da familia Franco. No caso do Pazo, a familia ten encomendadas as visitas ao seu interior á Fundación Nacional Francisco Franco, que de acordo cos seus propios estatutos ten como obxectivo difundir o legado do ditador. Unha entidade que nos seus comunicados se reafirma, sen ningún pudor, no seu compromiso co enxalzamento da ditadura franquista negando a represión exercida contra a cidadanía. Un comportamento que non pode ser admitido nin tolerado nunha democracia de calidade, tanto pola extrema gravidade que supón como ofensa ás vítimas da violencia franquista, como polo feito de situarse fora do marco de convivencia democrática desexable.

Ademais, existe constancia do incumprimento reiterado do réxime de visitas que obriga a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia para os Bens de Interese Cultural feito polos que a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, abriu un expediente á familia do ditador, “propietaria” do pazo, con apercibimento de sanción, pola comisión dunha infracción administrativa en materia de patrimonio cultural, que será como máximo de 6.000 euros.

Diante desta situación o Concello de Sada ten manifestado formalmente a súa disposición para asumir estas funcións, o cal ten retirado e manifestado recentemente nun pleno celebrado o pasado 12 de agosto no que adoptou os seguintes acordos:

1. Apoio expreso do Pleno da Concello de Sada para, apoiando as solicitudes formuladas pola Alcaldía de Sada o pasado 31 de xullo e a do Concelleiro delegado de

Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente de xullo de 2015, instar á Xunta de Galicia a solicitude de que sexa o Concello de Sada quenxestione o réxime de visitas ao BIC Pazo de Meirás.

2. Instar á Xunta de Galicia a que realice todas as actuacións tendentes a evitar e, no seu caso, non autorizar, que sexa a Fundación Nacional Francisco Franco quenxestione as visitas ao BIC Pazo de Meirás.

3. Instar a Xunta de Galicia a que esixaaos propietarios que detentan o inmovible que cumprancoréxime de visitas ao BIC dispostonaLei de Patrimonio Cultural de Galicia, con independencia da resolución dos expedientes polos incumprimentos reiterados xa incoados, coa imposición da máxima sanción prevista en dita Lei para ditas infraccións.

4. Demandar da Xunta de Galicia e goberno do Estado o apoio institucional a todas aquelasactuaciónsencamiñadas a recuperar o Pazo de Meirás para a titularidade e uso públicos.

5. Formalizar declaración institucional de condena expresa ante os comunicados emitidos pola Fundación Nacional Francisco Franco así como de apoio á memoria das vítimas do franquismo.

6. Instar ás Cortes do Estado, Grupos Parlamentarios e do goberno do Estado ás iniciativas legislativas conducentes á modificación da vixenteLei 50/2002, de Fundacións, coobxecto de amparar a declaración como ilegaisdaquelas que como a Fundación Nacional Francisco Franco teñan por obxecto a homenaxe á vida e obra criminais do ditador.

7. O Pleno da Corporación asume e comparte os acordos adoptados na sé da Deputación Provincial da Coruña en reunión celebrada o pasado día 9 de agosto de 2017, e que son os seguintes:

1. Rexeitar a xestión por parte da Fundación Nacional Francisco Franco do programa de visitas ao Pazo de Meirás, apoiar a demanda do Concello de Sada de que sexa dita administración quen as xestione, e condenar as declaracións manifestadas a través dun comunicado e do seu portavoz de apoloxía do franquismo.

2. Instar a modificación da Lei de Fundacións con obxecto de impedir a legalidade de fundacións que faganapoloxía do franquismo.

3. Realizar un estudoarredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco e sobre o proceso para posibilitar a súa devolución e incorporación ao patrimonio público.

4. Reclamar a aprobación dunha Lei Galega da Memoria Histórica galega que, entre outros obxectivos, impida o enalzamento dos protagonistas da represión e inclúa as correspondentes disposicións relativas ao pazo de Meirás e á súa posta en valor asociado á recuperación da memoria historia.
5. Constituír con carácter inmediato unha Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás para o patrimonio público coa participación de institucións, asociacións, organizacións políticas, sociais, sindicais e fundacións co fin de poñer fin á posesión da propiedade pola familia Franco e a súa incorporación ao Patrimonio público. As institucións e entidades participantes, Deputación da Coruña, concellos da Coruña e Sada, Universidade da Coruña, IGM e CRMHC amosaron a súa intención de, previos os trámites preceptivos, se incorporar desde o inicio a dita Xunta.
8. O Concello de Sada adhíreseasí mesmo a calquera outra iniciativa da sociedade civil tendente á incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público.
9. O Concello de Sada acorda expresar a vontade corporativa contraria ao proceder da familia Franco, herdeira do ditador, e en relación coas obrigas derivadas da propiedade que detenta do BIC-Pazo de Meirás. E aos efectos de tal referencia e intereses municipais, e como expresión simbólica de rexeitamento de tal proceder, declárala "non grata".
10. Dar traslado do seguinte acordo á Xunta de Galicia, Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia e das Cortes do Estado, Deputación provincial e Grupos provinciais, así como ao goberno do Estado.

Sobre a situación das estatuas, e coincidindo coa existosa exposición sobre a arte do Mestre Mateo celebrada primeiro no Museo do Prado e posteriormente en Santiago, existen numerosas peticións da sociedade civil para que a familia Franco as devolva e permita o seu desfrute para o conxunto da cidadanía.

Tendo en conta todo o anteriormente sinalado -resaltando a necesidade de reparar a honra e a dignidade das persoas que foron roubadas e forzadas a ceder diñeiro e propiedades baixo risco de represalias, así como restaurar o patrimonio histórico composto e lán expoliado- a través da presente moción propoñemos a aprobación dos seguintes **Acordos** por parte do Pleno municipal:

1. Manifestar publicamente a adhesión do Concello de Santiago ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación do Concello de Sada o pasado 12 de agosto. Así como respaldar, participar e impulsar as iniciativas que se desenvolvan para garantir o cumprimento do acordado e a consecución dos seus obxectivos.

2. Exixir á familia Franco que repoña o patrimonio histórico, substraído á cidade de Santiago, das dúas estatuas orixinariamente parte do Pórtico da Gloria que manteñen no seu poder.

2. Instar á Xunta de Galicia, así como ao goberno do Estado, a que dean efectivo cumprimento ao acordo referenciado no apartado 1 e que sexa o Concello de Sada quen xestione o réxime de visitas ao BIC Pazo de Meirás. Ao tempo, instar á Xunta de Galicia e ao goberno do Estado a que esixan a devolución das dúas estatuas do Pórtico da Gloria.

3. Condenar de xeito solemne toda declaración ou actividade que comporte calquera clase de enaltecemento, trivialización, exculpación ou negación do franquismo e do seu réxime autoritario.

4. Dar traslado do seguinte acordo á Xunta de Galicia e aos grupos con representación no Parlamento de Galicia, nas Cortes Xerais do Estado, Deputación da Coruña, así como ao goberno do Estado.

TEXTOS DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE.-

1.- Rexistro de entrada do día 14 de setembro de 2017, núm. 278, sobre un novo modelo salarial e un novo pacto de rendas para España.

Durante a etapa de goberno do PP a desigualdade salarial disparouse, mesmo nos anos recentes de recuperación da actividade e descenso da taxa de paro. En concreto, os salarios do 40% da poboación con menores soldos diminuíron, especialmente entre os traballadores cun contrato temporal.

Os descensos afectaron de modo principal aos máis novos: os salarios dos traballadores de entre 25 e 34 anos de idade caeron un 5,5% en termos reais.

Esta evolución salarial ha derivado nun importante aumento do fenómeno dos traballadores pobres: a porcentaxe de traballadores en risco de pobreza, definido como a proporción de traballadores cunha renda inferior ao 60% da mediana de ingresos, pasou do 10,8% en 2012 ao 13,1% en 2015, cociente unicamente superada por Grecia e Romanía.

Este modelo consolidouse, de modo que os novos entrantes no mercado de traballo están a facelo cun desconto nos seus salarios do 25% con respecto ao resto de traballadores, brecha que se aumentou nos últimos anos.

O actual modelo salarial en España está a impedir que o progreso económico e social esténdase á maioría de españois. Ademais dos nefastos efectos sociais que carrega, tamén desde o punto de vista estritamente económico o modelo actual ten cada vez menos sentido: pon en risco a recuperación económica na medida que imposibilita a normalización do consumo dos fogares, que aínda se atopa por baixo do nivel previo á crise. É un feito constatado que o mantemento de niveis de consumo aceptables no noso país, sobre o pano de fondo de baixos salarios, está a realizarse á conta dunha diminución da taxa de aforro das familias, que é un modo insustentable de avance.

É, por tanto, un obxectivo prioritario para o PSOE romper a dinámica instalada en España de baixos salarios, precarización e aparición de traballadores pobres, e dar paso a un novo modelo de salarios decentes no noso país, baseados nunha repartición máis xusta da produtividade.

Por todo o exposto, o Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela vimos a propoñer a adopción dos seguintes **ACORDOS** instando ao Goberno de España a:

1- Favorecer incrementos salariais anuais nos acordos entre Patronal e Sindicatos, para lograr que en 2021 os salarios recuperasen o peso que tiñan na repartición da renda nacional no período previo á crise. Especificamente, propoñer un incremento salarial entre un 2% e un 3% en 2018, e entre un 2,5% e un 3,5% nos anos sucesivos (2019, 2020 e 2021).

2- Acordar cos Sindicatos un incremento gradual do SMI ata alcanzar os 1.000 euros mensuais en 2020.

3- Derrogar a reforma laboral co fin de poder recuperar o poder de negociación dos traballadores.

4- Reforzar o principio de causalidade como única xustificación dos contratos temporais, xunto cun reforzo da inspección de traballo para que devanditos contratos sexan realmente unha ferramenta transitoria e excepcional.

5- Equiparar a subida salarial dos empregados públicos para 2018 co aumento da inflación, incorporando complementos adicionais que permitan ir recuperando o poder adquisitivo perdido, así como xeneralizar a implantación da xornada de 35 horas semanais no sector público, sen diminución das retribucións económicas.

6- Poñer en marcha un plan de choque para os mozos con medidas específicas, como a promoción do contrato de substitución e do contrato en prácticas, así como unha nova regulación das prácticas non laborais.

7-Tomar medidas concretas contra a brecha salarial de xénero, como a aprobación dunha lei de Igualdade Laboral, que, entre outras cousas, estableza a obrigatoriedade de que os salarios de todos os empregados así como a súa modalidade de contrato sexan de coñecemento público.

8-Tomar medidas para eliminar os fenómenos de precarización dos falsos autónomos e todas as novas formas de súper explotación laboral.

2.- Rexistro de entrada do día 18 de setembro de 2017, núm. 282, respecto da incorporación de medidas nas bases de execución de 2018 dirixidas a limitar e controlar os contratos menores.

Nos primeiros sete meses de 2017, o goberno de Compostela Aberta ten gastado en contratos menores o 80% do que se adicou en todo o ano 2016. De continuar nesta liña ata o fin de 2017, no lugar de diminuír ou estabilizar o número destes contratos van aumentar de forma significativa.

É certo que a Lei permite, pero non obriga, dispoñer contratos menores para subministros e servizos de ata 18.000 euros e de obras ata 50.000, pero non é menos certo que o goberno de Compostela Aberta fixo da transparencia e da municipalización dos servizos o pilar base da súa campaña electoral. Estudada a realidade, atopamos cun importante número de contratos de subministro e servizo que poderían realizarse perfectamente con recursos propios: o contrato de mocidade, os contratos dos encontros ao vivo, a organización da festa do deporte... entre outros.

Á vista do anterior, o Grupo Municipal Socialista estima necesario incorporar determinadas medidas que garantan a transparencia e a xestión, iniciativas que se poden incorporar ás bases de execución do orzamento de 2018.

Entre as medidas propostas está por un lado a obriga de dar publicidade a través do perfil do contratante de todos os contratos menores antes de proceder á súa adxudicación, facendo pública tamén a información relativa ao proceso de licitación, de tal maneira que calquera pode acceder e presentar á súa oferta. Acto seguido deberá facerse pública a resolución da adxudicación motivada e cun prazo para a presentación de recursos se así o estimasen oportuno.

Estas medidas non teñen porque supor un retraso no procedemento, xa que o perfil do contratante e a administración dixital permiten abrir as convocatorias sen alongar tempos con trámites que agora son innecesarios.

Así mesmo, nos procedementos negociados sen publicidade o goberno dará traslado aos grupos da oposición dos nomes das empresas convidadas, xunto co daquelas que renunciasen a participar no proceso.

Por todo o exposto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

Que o Pleno da Corporación inste ao Goberno Municipal a engadir nas bases de execución do orzamento de 2018 as seguintes medidas:

1.- Que os contratos menores de servizos e subministros superiores a 3.000 euros e os de obras superiores a 10.000 euros se publiquen no perfil do contratante coa información relativa ao proceso de licitación antes da adxudicación, co obxecto de que as empresas que o estimen oportuno poidan acceder e presentar á súa oferta. A continuación que se faga pública a resolución de adxudicación motivada, dando opción sempre a presentar recurso a aqueles que o estimen oportuno.

2.- Que nos procedementos negociados sen publicidade o goberno traslade aos grupos da oposición os nomes das empresas convidadas, xunto co daquelas que renuncien a participar no proceso.

TEXTOS DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

1.- Rexistro de entrada do día 18 de setembro de 2017, núm. 283, sobre a recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público de Galicia.

Ante o debate suscitado pola recuperación do Pazo de Meirás, no concello coruñés de Sada, o Concello de Santiago, como capital de Galicia, non debería quedar á marxe e expresar de forma unánime a súa propia posición sobre o particular, motivo polo que o Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Torres de Meirás, tamén coñecidas como o Pazo de Meirás, foron transmitidas gratuitamente en 1938 ao ditador Francisco Franco, quen as aceptou en plena Guerra Civil como “regalo” e para convertelas na súa residencia de verán.

Contradiciendo á propaganda oficial da época, a historiografía contemporánea ten atopado documentos que indican que a cesión de recursos e propiedades non foi o resultado da acción voluntaria da cidadanía da Coruña e da súa provincia, senón da presión de falanxistas e autoridades franquistas no contexto social daquela época.

Como resultado da forma xurídica de negocio privado e entre particulares coa que se materializou a adquisición por parte de Francisco Franco, na actualidade a propiedade permanece no patrimonio dos seus herdeiros.

Sen embargo, debido ao valor histórico e cultural das Torres de Meirás; ao seu elevado carácter simbólico; ao incumprimento da normativa de acceso aos BIC; ás circunstancias que fixeron posible a súa adquisición a título privado polo Xefe de Estado dunha Ditadura que durou 40 anos; así como a declarada intencionalidade de converter as visitas públicas ao Pazo nunha homenaxe á figura do ditador, fan necesario formular a incorporación das Torres de Meirás ao patrimonio público, sempre, como é lóxico, respectando a legalidade vixente.

Unha incorporación que podería materializarse máis sinxelamente, en primeiro lugar, se os titulares da propiedade fixesen algo tan simple como asumir os estándares actuais aplicados ás doazóns de bens ao Xefe de Estado de España ou a calquera outra autoridade pública: son inmediatamente incorporados ao patrimonio público.

Ante a proliferación de propostas que se están a expoñer, algunha delas caótica na súa formulación, sería preciso centrar a cuestión no estudo das formas xurídicas coas que materializar esta operación de recuperación do patrimonio público.

Estas son as razóns que explican a iniciativa que o Grupo Popular presenta para a súa consideración e apoio, se así se considera, dos distintos grupos municipais, concretada no seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago acorda:

1. Manifestar o rexeitamento e repulsa a calquera manifestación de apoio, xustificación ou enaltecemento do réxime franquista ou de calquera outro réxime ditatorial ou autoritario.
2. Facer unha condena pública, firme e rotunda, do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Franco para facer apoloxía da ditadura e do ditador, e trasladarlle a máis enérxica repulsa polas súas declaracións de apoloxía do franquismo, manifestadas a través dun comunicado e por medio do seu portavoz.

3. Instar á Xunta de Galicia a que continúe coa esixencia á propiedade do Pazo de Meirás do réxime de visitas establecido na normativa vixente, aplicando, de ser necesario, coa máxima rigorosidade a normativa.

4. Instar á Xunta de Galicia a velar para que as visitas ao Pazo de Meirás non se utilicen para contar unha versión manipulada da historia e ofensiva para as vítimas do franquismo.

5. Instar á Xunta de Galicia a realizar un estudo xurídico, en colaboración coas Universidades Galegas, que analice a posibilidade de mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans de herdeiros legais de Francisco Franco, xefe do Estado español durante os 40 anos da Ditadura, e sen que a dita incorporación ao Patrimonio Público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumiu no ano 1938.

2.- Rexistro de entrada do día 18 de setembro de 2017, núm. 284, sobre a inmediata licitación e execución das obras no Romão e Guadalupe-Vite que foron obxecto de desestimento.

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis de ano e medio, na sesión plenaria do mes de xaneiro de 2016, adoptábase por unanimidade dos grupos municipais o acordo de que “previa a modificación que se considere necesaria dos proxectos, se proceda a licitar novamente á maior brevidade posible a contratación das obras de actuacións viarias no sector 21-O Romão e en Guadalupe-Vite Sector 40”.

Transcorrido un tempo máis que prudencial para cumprir co acordado, o Grupo Popular volve a reiterar esta cuestión para darlle solución ás demandas e expectativas da veciñanza da zona afectada desde hai varios anos.

Como se puxo de relevo na sesión plenaria de xaneiro de 2016, durante o anterior mandato, no transcurso da Xunta de Goberno Local do 22 de maio de 2015, acordouse a apertura do procedemento de licitación de dous proxectos para acometer distintas actuacións de gran transcendencia para a calidade de vida dos barrios do Romão e de Guadalupe-Vite. Unhas melloras que viñan a resolver importantes carencias desas zonas en materia de accesibilidade, de saneamento, de urbanización e de seguridade viaria.

O proxecto de actuacións no sector 21- O Romáño, que contaba cun orzamento de 105.200 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de dous meses, ía dirixido a afrontar seis obras: o saneamento da Ponte Romáño para conectar coa rede xeral de sumidoiros as vivendas que non teñen ese servizo; o asfaltado da pista ao muíño Catalina; o asfaltado dun tramo intermedio que carece del na unión da pista do Ameneiral coa travesía de Lermo; o asfaltado e acondicionamento das rúas Fonte de Lermo e Travesa de Lermo; e a canalización de augas e limpeza da pista de Casal da Horta desde Vista Alegre.

O outro proxecto de actuacións en Guadalupe-Vite sector 40, cun orzamento de 207.275 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de dous meses e medio, tiña por finalidade a realización de obras para a mellora da rúa Blanco Amor, coa substitución do pavimento, das beiravías, a remodelación de xardíns, para gañar ancho de vía e aparcamento; e a colocación de varandas de seguridade.

Seis meses despois de iniciarse o procedemento de licitación, o Goberno de Compostela Aberta acorda desistir dun procedemento de adxudicación que se mantiña paralizado “á espera dunha decisión política ao respecto”, segundo tiñan informado os propios técnicos municipais, consultados para valorar a situación actual do proxecto. O informe técnico, de 30 de outubro, aconsellaba que “o proxecto debería actualizarse, mediante a súa modificación para dar cumprimento a nova Lei de Accesibilidade”.

Transcorridos máis de dous meses daquela recomendación sen que o Goberno adoptara ningunha decisión ao respecto, o Grupo Popular propuxo o acordo de actuar en consecuencia e que se procedera á licitación “á maior brevidade posible”, tendo en conta que as necesidades que deron lugar a eses dous proxectos persistían e que as citadas actuacións contaban coa previsión orzamentaria necesaria para a súa execución.

De nada valeu o acordo unánime, nin a existencia de orzamento, nin a persistencia das necesidades duns servizos básicos que se poderían ter resolto acometendo estes proxectos: o Goberno ignorou ou esqueceu este acordo, razón pola que, conforme ás demandas que temos recibido da veciñanza neste tempo, ao progresivo deterioro da zona e tratando de reactivar estas actuacións, propoñemos a adopción dun novo acordo que recolla o contido do anterior e que engada unha mención tamén a mellora do firme na totalidade do Camiño de Lermo, desde a rúa de Vista Alegre ata o entronque coa rúa dos Camallóns, que actualmente presenta numerosas fochancas e un firme irregular. En consecuencia o texto que se propón é o seguinte:

ACORDO:

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Goberno a que antes de que remate o actual ano 2017 proceda a licitar novamente a contratación das obras de

actuacións viarias no sector 21-O Romão e en Guadalupe-Vite Sector 40, para a súa execución ao longo do vindeiro ano; e que programe coa maior celeridade posible a mellora do firme do Camiño de Lermo desde a rúa de Vista Alegre ata a rúa dos Camallóns.

EMENDA, PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN RELACIÓN Á INCORPORACIÓN DE MEDIDAS NAS BASES DE EXECUCIÓN DE 2018, DIRIXIDAS A LIMITAR E CONTROLAR OS CONTRATOS MENORES.

1.- Rexistro de entrada do día 21 de setembro de 2017, núm. 289.

Á vista da moción presentada polo grupo municipal socialista ao Pleno do Concello de Santiago relativa á incorporación de medidas nas bases de execución de 2018 dirixidas a limitar e controlar os contratos menores (n.º rex. 282), e tendo en conta que o Concello de Santiago xa empregou con éxito a licitación electrónica a principios do 2015 (sendo o primeiro concello de Galicia en levar a cabo un procedemento deste tipo), e a maior axilidade, transparencia, confidencialidade e accesibilidade deste medio de cara a garantir unha maior concorrência, ao abeiro do disposto no artigo 86 do ROM do concello de Santiago fórmase a seguinte **emenda de substitución**:

Primeiro.- Instar ao Goberno Municipal a que nos contratos de servizos de contía superior a 3.000 euros o sistema de licitación sexa electrónico, empregando para iso a Plataforma de licitación electrónica da Administración Local (LeAL), posta en marcha pola Axencia de Modernización Tecnolóxica da Xunta de Galicia, e coa que este concello xa levou a cabo procedementos de licitación a principios do 2015, ou calquera outra que se desexa empregar.

Segundo.- A licitación electrónica empezárase a empregar progresivamente desde o mes de outubro do 2017 nos contratos de servizos antes mencionados, ata lograr a súa implantación total para os contratos mencionados no punto primeiro ao longo do exercicio 2018.

TEXTO DE MOCIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DE COMPOSTELA ABERTA E BNG.-

1.- Rexistro de entrada do día 21 de setembro de 2017, núm. 290, moción urxente sobre a situación de Cataluña

Marta Irene Lois González, portavoz do grupo municipal de Compostela Aberta, e Rubén Cela Díaz, portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, presentan ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**:

Exposición de motivos:

O que está a acontecer en Cataluña aféctanos a todas e a todos. A manifesta incapacidade do goberno español para acordar solucións políticas a un conflito que ten unha orixe tamén política é a causa dos feitos que nas últimas semanas se están a suceder no Principat. O pobo catalán ven reivindicando historicamente, sempre de xeito cívico e pacífico, o seu lexitimo dereito a decidir libre e democraticamente o seu futuro, e como articular a súa relación cos pobos que hoxe e fan parte do Estado español. Todos os estudos de opinión e enquisas indican que, independentemente da escolla política de cada quen, a cidadanía catalá quere poder votar e poder elixir. O exercicio deste dereito, internacionalmente recoñecido, non debe entenderse contra ninguén, senón como un elemento positivo e democratizador. Desde esta focaxe, as institucións non deberían procurar limitalo senón velar polo seu exercicio co máximo de garantías democráticas.

Os graves feitos acontecidos o 20 de Setembro de 2017 profundizan na estratexia de confronto e non-resolución do conflito político. Unha actuación xudicial e policial que pode provocar un punto de non retorno nas relacións entre as institucións españolas e as institucións catalás. O rexistro de sedes da Generalitat e a detención de responsables políticos e traballadores públicos son unha nova mostra da degradación democrática á que o goberno do PP pretende someternos. Uns feitos que se unen aos das semanas anteriores nos que asistimos á suspensión de actos, o rexistro de empresas e medios de comunicación, a supresión de webs, as querellas contra cargos electos, as ameazas ao funcionariado e un longo etcetera. Destacando como un dos máis graves estas querellas contra cargos locais, alcaldes e alcaldesas, democraticamente electos.

Fronte a todo o anterior, que consideramos gravísimo e que está a pór en cuestión o sistema de dereitos e liberdades, entendemos que é unha responsabilidade democrática sinalar esta situación e a través da presente moción propoñemos a aprobación dos seguintes **ACORDOS** por parte do Pleno municipal:

1. Manifestar publicamente o rexeitamento e condena do Concello de Santiago á criminalización e xudicialización, así como o recorte de dereitos e liberdades, que está a levar adiante o goberno español diante dun conflito político.
2. Instar ao goberno español a asumir o dereito a decidir como un elemento positivo e democrático. Respetar o lexitimo dereito do pobo catalán a se poder expresar a través das urnas. E abrir vías de diálogo que permitan a resolución pacífica e democrática do conflito.

3. Apoiar publicamente os alcaldes e alcaldesas de Cataluña, así como todas as persoas responsables políticas e traballadoras públicas, que están sendo investigadas por promover o exercicio do dereito a decidir.

4. Remarcar a defensa da autonomía local e do autogoberno, e neste sentido, sinalar a necesidade de protexer a súa capacidade política e de exercicio de goberno. Reclamar que se respecte a lexitimidade popular reflectida nos acordos destas institucións democraticamente electas.

5. Dar traslado do seguinte acordo á Generalitat de Catalunya, á Federació de Municipis de Catalunya, á Associació Catalana de Municipis i Comarques, á Xunta de Galicia, e aos grupos con representación no Parlamento de Galicia, nas Cortes Xerais do Estado, Deputación da Coruña, así como ao Goberno do Estado.

Despois de ser declarada por unanimidade a urxenciade todas as mocións presentadas e unha vez rematado o debate das mesmas, procédese á votación acadándose os seguintes acordos:

No tocante á moción do BNG, relativa a recuperación, dignificación e divulgación do Panteón Real, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

1. Que o Concello de Santiago de Compostela, a través da Concellaría de Turismo e/ou da empresa municipal INCOLSA elabore un díptico explicativo do significado histórico do Panteón Real e que sexa posto a disposición de todas as persoas que visitan a nosa cidade a través da Oficina Municipal de Turismo, o Centro Internacional de Acolida a Peregrinos, e demais medios de difusión ao seu alcance.

2. Que o Concello de Santiago en colaboración co Museo da Catedral, organice visitas guiadas para o conxunto da veciñanza ao Panteón Real, explicativas da importancia histórica do mesmo.

3. Que o Concello de Santiago inste ao Consorcio de Santiago á realización dunha publicacióncientífica-divulgativa sobre o Panteón Real.

4. Que o Concello de Santiago inste aos responsábeis da Catedral de Santiago a:

a. Garantir o uso do galego na sinalética no Panteón Real e no conxunto do templo.

b. Repor os nomes de “Panteón Real” e “Reis da Galiza” ou “Reis de Galiza e León” en vez de “Reyes de León”.

En relación coa moción do grupo municipal de Compostela Aberta, para a incorporación ao patrimonio público do Pazo de Meirás e das esculturas do mestre Mateo en poder da familiar Franco e a salvagarda da memoria histórica, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor dos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal Popular, acorda:

1. Manifestar publicamente a adhesión do Concello de Santiago ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación do Concello de Sada o pasado 12 de agosto (agás no de persoa “non grata”). Así como respaldar, participar e impulsar as iniciativas que se desenvolvan para garantir o cumprimento do acordado e a consecución dos seus obxectivos.

Exixir á familia Franco que repoña o patrimonio histórico, substraído á cidade de Santiago, das dúas estatuas orixinariamente parte do Pórtico da Gloria que manteñen no seu poder.

2. Instar á Xunta de Galicia, así como ao goberno do Estado, a que dean efectivo cumprimento ao acordo referenciado no apartado 1 e que sexa o Concello de Sada quen xestione o réxime de visitas ao BIC Pazo de Meirás. Ao tempo, instar á Xunta de Galicia e ao goberno do Estado a que esixan a devolución das dúas estatuas do Pórtico da Gloria.

3. Condenar de xeito solemne toda declaración ou actividade que comporte calquera clase de enaltecemento, trivialización, exculpación ou negación do franquismo e do seu réxime autoritario.

4. Dar traslado do seguinte acordo á Xunta de Galicia e aos grupos con representación no Parlamento de Galicia, nas Cortes Xerais do Estado, Deputación da Coruña, así como ao goberno do Estado.

No referente á moción do grupo municipal do Partido Popular, sobre a recuperación do Pazo de Meirás, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE) e 12 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (10 CA e 2 BNG) acorda:

1. Manifestar o rexeitamento e repulsa a calquera manifestación de apoio, xustificación ou enaltecemento do réxime franquista ou de calquera outro réxime ditatorial ou autoritario.

2. Facer unha condena pública, firme e rotunda, do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Franco para facer apoloxía da ditadura e do ditador, e trasladarlle a máis enérxica repulsa polas súas declaracións de apoloxía do franquismo, manifestadas a través dun comunicado e por medio do seu portavoz.

3. Instar á Xunta de Galicia a que continúe coa esixencia á propiedade do Pazo de Meirás do réxime de visitas establecido na normativa vixente, aplicando, de ser necesario, coa máxima rigorosidade a normativa.

4. Instar á Xunta de Galicia a velar para que as visitas ao Pazo de Meirás non se utilicen para contar unha versión manipulada da historia e ofensiva para as vítimas do franquismo.

5. Instar á Xunta de Galicia a realizar un estudo xurídico, en colaboración coas Universidades Galegas, que analice a posibilidade de mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans de herdeiros legais de Francisco Franco, xefe do Estado español durante os 40 anos da Ditadura, e sen que a dita incorporación ao Patrimonio Público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumiu no ano 1938.

Na moción do BNG, en relación co Pazo de Meirás, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal Popular, acorda:

1. Adherirse á proposta aprobada polo Pleno da corporación municipal de Sada instando tamén á Xunta de Galiza para que sexa este Concello o encargado das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, como garantía de que as persoas visitantes do BIC reciben unha información veraz sobre a historia deste espazo histórico.

2. Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador. Instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Franco.

3. Adherirse e apoiar a iniciativa da “Xunta Pro da Devolución do Pazo de Meirás”, da que forman parte como entidades promotoras a Deputación da Coruña, os Concellos de Sada e A Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña e a Iniciativa Galega pola Memoria.

4. Instar á Xunta de Galiza á elaboración dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.

En relación á moción do grupo municipal Socialista, sobre un novo modelo salarial, o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor correspondentesaos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do PSdeG-PSOE (10 CA e 3 PSdeG-PSOE), 9 votos en contra correspondentesaos/as concelleiros/as do grupo municipal Popular e 2 abstencións correspondentesaos/as concelleiros do BNG, acorda:

Instar ao Goberno de España a:

1.- Favorecer incrementos salariais anuais nos acordos entre Patronal e Sindicatos, para lograr que en 2021 os salarios recuperasen o peso que tiñan na repartición da renda nacional no período previo á crise. Especificamente, propoñer un incremento salarial entre un 2% e un 3% en 2018, e entre un 2,5% e un 3,5% nos anos sucesivos (2019, 2020 e 2021).

2.- Acordar cos Sindicatos un incremento gradual do SMI ata alcanzar os 1.000 euros mensuais en 2020.

3.- Derrogar a reforma laboral co fin de poder recuperar o poder de negociación dos traballadores.

4.- Reforzar o principio de causalidade como única xustificación dos contratos temporais, xunto cun reforzo da inspección de traballo para que devanditos contratos sexan realmente unha ferramenta transitoria e excepcional.

5.- Equiparar a subida salarial dos empregados públicos para 2018 co aumento da inflación, incorporando complementos adicionais que permitan ir recuperando o poder adquisitivo perdido, así como xeneralizar a implantación da xornada de 35 horas semanais no sector público, sen diminución das retribucións económicas.

6.- Poñer en marcha un plan de choque para os mozos con medidas específicas, como a promoción do contrato de substitución e do contrato en prácticas, así como unha nova regulación das prácticas non laborais.

7.-Tomar medidas concretas contra a brecha salarial de xénero, como a aprobación dunha lei de Igualdade Laboral, que, entre outras cousas, estableza a obrigatoriedade de que os salarios de todos os empregados así como a súa modalidade de contrato sexan de coñecemento público.

8.-Tomar medidas para eliminar os fenómenos de precarización dos falsos autónomos e todas as novas formas de súper explotación laboral.

En relación á moción do BNG, sobre gasoleira de Brandía, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda vixiar especialmente a afectación que a instalación dunha gasoleira puidese provocar aos veciños de Brandía así como estudar as reivindicacións da propia veciñanza.

No tocante á moción do grupo municipal Socialista, relativa a limitar e controlar os contratos menores, á que presentou unha emenda o grupo municipal Popular e que non foi aceptada polo grupo propoñente, o Pleno da Corporación por 3 votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal Socialista, 11 abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular e do BNG (9 PP e 2 BNG) e 10 votos en contra dos/as concelleiros/as de Compostela Aberta, polo que queda rexeitada a devandita moción.

No tocante a moción do grupo municipal do Partido Popular, sobre a inmediata licitación e execución das obras no Romaño e Guadalupe-Vite que foron obxecto de desestímulo, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda instar ao correspondente órgano do goberno a que antes de que remate o actual ano 2017 proceda a licitar novamente a contratación das obras de actuacións viarias no sector 21-O Romaño e en Guadalupe-Vite Sector 40, para a súa execución ao longo do vindeiro ano; e que programe coa maior celeridade posible a mellora do firme do Camiño de Lermo desde a rúa de Vista Alegre ata a rúa dos Camallóns.

A moción conxunta presentada polos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG, en relación á situación que están a vivir en Cataluña, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (10 CA e 2 BNG), e 12 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), ao procederse empate, procédese a unha segunda votación con idéntico resultado, e co voto de calidade en sentido favorable do señor alcalde-presidente, acórdase:

1. Manifestar publicamente o rexeitamento e condena do Concello de Santiago á criminalización e xudicialización, así como o recorte de dereitos e liberdades, que está a levar adiante o goberno español diante dun conflito político.

2. Instar ao goberno español a asumir o dereito a decidir como un elemento positivo e democrático. Respetar o lexitimo dereito do pobo catalán a se poder expresar a través das urnas. E abrir vías de diálogo que permitan a resolución pacífica e democrática do conflito.

3. Apoiar publicamente os alcaldes e alcaidesas de Cataluña, así como todas as persoas responsables políticas e traballadoras públicas, que están sendo investigadas por promover o exercicio do dereito a decidir.

4. Remarcar a defensa da autonomía local e do autogoberno, e neste sentido, sinalar a necesidade de protexer a súa capacidade política e de exercicio de goberno. Reclamar que se respecte a lexitimidade popular reflectida nos acordos destas institucións democraticamente electas.

5. Dar traslado do seguinte acordo á Generalitat de Catalunya, á Federació de Municipis de Catalunya, á Associació Catalana de Municipis i Comarques, á Xunta de Galicia, e aos grupos con representación no Parlamento de Galicia, nas Cortes Xerais do Estado, Deputación da Coruña, así como ao Goberno do Estado.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente de una por finalizada sendo as 23:55 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández